



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL AS SOMOZAS

Plan estratéxico de subvencións

ANUNCIO

PLAN ESTRATEXICO DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE AS SOMOZAS 2024-2026

O Pleno do Concello de As Somozas, aprobou na sesión ordinaria do día 20.12.2023 o Plan estratéxico de subvencións do concello de As Somozas 2024-2026, polo que procede a súa publicación no BOP

PREÁMBULO

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións introduciu unha obrigação nova para os órganos das Administracións Públicas e calquera entes públicos responsables da xestión de subvencións: elaborar un plan estratéxico de subvencións, no que deben concretarse os obxectivos e efectos pretendidos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O citado artigo 8, foi desenvolto polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

O artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público fixa como un dos principios que debe respectar na súa actuación calquera Administración pública o da “planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas”.

A Asamblea Xeral da ONU aprobou o 25 de setembro de 2015 a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, un plan de acción a favor das persoas, o planeta e a prosperidade. A Axenda expón 17 Obxectivos (ODS) con 169 metas de carácter integrado e indivisible que abarcan as esferas económica, social e ambiental. Destacan pola súa implicación municipal neste documento, ODS 3, saúde e benestar, ODS 2 Educación de calidade, ODS 5 Igualdade de xénero, ODS 16 paz, xustiza e institucións sólidas, ODS 17 Alianzas para lograr os obxectivos, coa execución deste plan estratéxico preténdese avanzar cara o desenvolvemento destas metas e obxectivos.

Por iso, este Concello aproba o Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL

O ámbito temporal do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de As Somozas (PES) propónse para o período 2024-2026. Anualmente, vista dos informes de seguimento y e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, o PES poderá actualizarse e modificarse, de tal forma que as liñas de subvencións contempladas poderán modificarse ou substituírse por outras, ou no seu caso eliminarse.

ARTIGO 2. NATUREZA XURÍDICA

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigações para a administración. A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das dispoñibilidades orzamentarias acomodaranse en cada momento aos devanditos obxectivos.

ARTIGO 3. COMPETENCIA

De acordo con o sinalado neste documento acerca da natureza xurídica dos plans como instrumentos planificadores desde o punto de vista da xestión orzamentaria, a súa vocación plurianual e a súa vinculación coa programación orzamentaria a competencia, aínda que non está determinado na lexislación aplicable, poder ser considerada do Pleno.

ARTIGO 4. BENEFICIARIOS

O Concello concederá subvencións a favor de persoas físicas ou xurídicas así como a agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica o patrimonio separado que, aun carecendo de personalidade xurídica, poda levar a cabo os proxectos, actividades que motivan a subvención ao abeiro do disposto no artigo 11 da lei 38/2003 xeral de subvencións.

ARTIGO 5. LIÑAS DE SUBVENCIÓN . OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

O presente Plan Estratéxico do Concello de As Somozas resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrència competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento.

Con carácter xeral, as subvencións concederanse en réxime de concorrència competitiva; con todo, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais. De acordo con o artigo 12.1 do RGS, os obxectivos estratéxicos describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción subvencional durante o período de vixencia do mesmo e deberán estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentario .

É importante destacar a misión e visión que se pretenden alcanzar coa aprobación do plan que se pode resumir nos seguintes puntos :

Misión. Representa a razón de ser do conxunto da actividade subvencional do Concello:

1. Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil estruturada do noso municipio nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente.
2. Traballar dun xeito participativo e integral pola consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 . Neste documento incorpóranse 17 obxectivos que buscan poñer fin á pobreza, loitar contra a desigualdade e a inxustiza e facer fronte ao cambio climático. Apostando polo desenvolvemento sostible económico, ambiental e social .

Visión: A actividade subvencionadora do Concello de As Somozas será transparente, orientada por criterios de eficacia e eficiencia na realización do gasto público e cun obxectivo de mellora progresiva e en permanente control de resultados para un mellor servizo á cidadanía.

As Liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as liñas de subvencións do Concello, son as seguintes:

- Liña 1: Fomento do movemento asociativo do concello
- Liña 2:Fomento do deporte
- Liña 3:Promoción da infancia e xuventude e integración social

LIÑA 1 : SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FOMENTO DO MOVEMENTO ASOCIATIVO DO CONCELLO

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral, das asociacións existentes en As Somozas , con fins de carácter social , cultural ,recreativo , deportivo e medioambiental en cumprimento do disposto no artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,polo que se aproba o Regulamento de organización , funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

b) Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura, deporte ou calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
- Colaborar co movemento asociativo na organización das festas tradicionais
- Colaborar co movemento asociativo na defensa e protección do medio ambiente
- Fomentar a participación dos veciños e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio
- Fomentar a ocupación do tempo de lecer dun xeito saudable .
- Apoiar actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero
- Promoción da participación no uso eficiente e sostenible das tecnoloxías da información e as comunicacións
- Apoiar a realización de actividades culturais, de lecer e deportivas no ámbito escolar do concello

c) Prazo de execución: Anual

d) Custos previsibles: Os custos previstos serán, ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias destinadas recollidas no Orzamento que se aprobe.

	Natureza	Credito presupostado 2024
Anpa CEIP O Marban	Subvencion nominativa	3000,00 €
Asociacion deportiva cultural O Santiaguíño	Subvencion nominativa	3000,00 €
Asociacion cultural a Cañota	Subvencion nominativa	3000,00 €
Asociacion cultural Seixas	Subvencion nominativa	3000,00 €

e) Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.

f) Procedemento de concesión: O procedemento de concesión realizarase de maneira directa para as entidades que figuran nomeadamente orzamento, por razóns de interese público, social, económico ou humanitario. No resto de casos o procedemento xeral será a concorrência competitiva .

g) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e os convenios de colaboración que poidan asinarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

LIÑA 2 :SUBVENCÍONS EN MATERIA DE FOMENTO DO DEPORTE

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades deportivas entre toda a poboación para poder levar unha vida saudable así como a realización de eventos e competicións deportivas no concello que dinamicen as actividades económicas locais .

b) Obxectivos específicos:

-Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel municipal , provincial , autonómico , nacional ou internacional

-Fomento do deporte e a vida saudable

-Promover a representación deportiva do concello nos eventos e competicións deportivas

- Dinamizar a actividade económica do Concello a través da súa oferta deportiva atraendo visitantes e participantes ás mesmas

c) Prazo de execución: Anual

d) Custos previsibles: Os custos previstos serán, ata o máximo das disponibilidades orzamentarias destinadas recollidas no Orzamento que se aprobe coa seguinte previsión non vinculante.

	Natureza	Importe presupostado ano 2024	
Union deportiva As Somozas	Subvención nominativa	250.000,00 €	
Union Deportiva Irmandiños	Subvención nominativa	6500,00 €	
Escuderia Moeche	Subvención nominativa	24.000,00€	
Axudas para participar en eventos deportivos de carácter autonómico, nacional ou internacional	Subvención concorrência competitiva	Aplicación orzamentaria	Importe
		341.480,00	2000,00 €

e) Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.

f) Procedemento de concesión: O procedemento de concesión realizarase de maneira directa para as entidades que figuran nomeadamente orzamento, por razóns de interese público, social, económico ou humanitario. No resto de casos o procedemento xeral será a concorrência competitiva .

g) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria ou convenios de colaboración que poidan asinarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

LIÑA 3. SUBVENCÍONS EN EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DA INFANCIA E XUVENTUDE E INTEGRACIÓN SOCIAL

a) Obxectivo estratéxico:

Promover o principio e igualdade no exercicio do dereito á educación apoiando economicamente os gastos derivados do acceso aos diferentes niveis educativos reglados garantindo o acceso das persoas con menos recursos económicos ó ensino como dereito de toda a cidadanía de acordo co artigo 83 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación

Apoiar economicamente e de forma directa ás familias, para afrontar os condicionantes económicos que o nacemento ou adopción dun fillo implica

Apoiar as unidades familiares que requiran prestacións temporais de carácter preventivo para a atención de las necesidades básicas

b) Obxectivos específicos:

Colaborar coas familias nos gastos económicos que pode ocasionar o acceso a educación.

Colaborando coa adquisición de libros de texto e/ou material escolar complementario, co fin de promover o principio e igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar ás familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos e fillas matriculados nos cursos de Educación Infantil e Educación Primaria, ESO, FP Básica e Bacharelato; e para gastos de desprazamentos para estudantes de ciclos medio ou superior e universitarios.

Colaborar con aquelas familias nas que naza ou se adopte un novo membro, contribuíndo mediante este financiamento ao soporte dos primeiros gastos que supón o seu coidado adecuado e así axudar ás familias do municipio na conciliación económica.

Atender necesidades sociais, entendendo por tales o conxunto de axudas e prestacións económicas de carácter non periódico destinadas a paliar ou resolver, por sí mesmas ou complementariamente con outros recursos, situacións de emerxencia social.

Previr situacións de exclusión social e favorecer a plena integración de sectores de poboación que carezan de recursos económicos para a atención das súas necesidades básicas.

c) Prazo de execución: Anual

d) Custos previsibles: Os custos previstos serán, ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias destinadas recollidas no Orzamento que se aprobe.

	Natureza	Orzamento ano 2024	
		Aplic.orzamentaria	Importe
Axudas para material escolar e desprazamento	Subvención concorrencia competitiva	320.480.00	12.000,00 €
Axudas a natalidade e emerxencia social	Subvención concorrencia competitiva	231.480,00	15.000,00 €

e) Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.

f) Procedemento de concesión: O procedemento de concesión realizarase de maneira concorrencia competitiva aprobando unha bases

g) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das bases para aprobar as axudas a natalidade

ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período a efectos de xustificación o ano natural. Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período, deberanse recoller nas correspondentes bases das subvencións.

ARTIGO 7. FINANCIAMENTO

A efectividade das liñas de axudas e subvencións incluídas no presente plan, quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. Previo á concesión de calquera tipo de subvención procederase á tramitación da autorización do gasto correspondente.

ARTIGO 8. CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de As Somozas realizarase de forma anual, en dous aspectos.

- Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Secretaria-Intervención do Concello de que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente.

- Control e seguimento do Plan, , para o que, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos instrutores do procedemento de concesión das Subvencións, procederase a remitir no primeiro semestre do exercicio seguinte, a memoria de avaliación.

ARTIGO 9. TRANSPARENCIA.

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas ,como o Plan estratéxico de subvencións serán publicados no Portal da Transparencia do Concello de As Somozas e no Boletín Oficial correspondente cando sexa necesario e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando o beneficiario, a contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada.

As Somozas, 27 de decembro de 2023

O Alcalde

Juan Alonso Tembrás

2023/10195